

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS  
COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓNS RESPONSABLES  
E NO OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS****ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

1.—Constitúe o feito imponible as actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para a verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior de control nos casos en que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

2.—Non están suxeitos á licenza de actividade e apertura de establecementos os cambios de titular de licenzas en vigor. Non se consideran en vigor as licenzas que teñan declaración expresa de caducidade e as que correspondan a locais nos que cesase a actividade por un período superior a seis meses. Sen embargo, os titulares de actividades e instalacións están obrigados a comunicar ao Concello os cambios, abonando a taxa establecida no artigo 5 “cota tributaria.

**ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

**ARTIGO 3. RESPONSABLES**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 y 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades mailos síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

**ARTIGO 4. BASE IMPOÑIBLE**

Constitúe a base imponible desta Taxa:

1.—A superficie real necesaria para o exercicio da actividade obxecto de licenza.



2.—Se por aplicación do procedemento previndo no apartado anterior non fose posible determina- la base imponible considerárase como tal a renda anual que corresponda ao establecemento, da que a súa determinación farase observando as seguintes regras:

a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interese legal do Banco de España ao valor catastral que o devandito establecemento teña sinalado no Imposto sobre Bens inmobles.

Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendo, sub-arrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda, no seu caso. Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza. Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicala regra 1 anterior, tomarase como base imponible esta última.

b) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeitos á Taxa, a base deste último será a que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute ao devandito local.

c) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie na que se ampliou o local, calculada consonte ao previndo nas regras anteriores.

#### ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa seguinte Tarifa:

#### C O N C E P T O S

Por cada licenza para a instalación, apertura e funcionamento dun local ou superficie a ceo aberto, e en todos os supostos nos que unicamente sexa necesario a presentación de comunicación previa ou declaración responsable:

— De ata 50 m <sup>2</sup> .....	276,00
— De 51 a 100 m <sup>2</sup> .....	332,00
— De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup> .....	415,00
— De 201 m <sup>2</sup> a 500 m <sup>2</sup> .....	553,00
— De 501 m <sup>2</sup> a 1.000 m <sup>2</sup> .....	1.107,00



— De 1.001 m2 a 1.500 m2 . . . . .	1.662,00
— De 1.501 m2 a 2.000 m2 . . . . .	2.215,00
— De 2001 m2 a 3.500 m2 . . . . .	3.324,00
— De 3.501 m2 a 5.000 m2 . . . . .	4.131,00
— De 5001 m2 a 6.000 m2 . . . . .	5.540,00
— De máis de 6.000 m2. . . . .	7.560,00

#### OUTROS CONCEPTOS

- Transmisión de titularidade, 50 % da cota anterior.

#### ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### ARTIGO 7. DEVENGO

1.—Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se principie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, e cando se presente a comunicación previa ou a declaración responsable.

2.—Cando a apertura tivera lugar sen haber obtido a oportuna licenza ou sen haber presentado a comunicación previa ou a declaración responsable, a Taxa cobrarase cando se principie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.

3.—A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola concesión de esta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

4.—No caso de denegación da licenza, ou renuncia ou desestimento do solicitante previo á concesión, se procederá ao abono da correspondente tarifa prevista na Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

#### ARTIGO 8. DECLARACION

1.—As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecemento presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude coa documentación que sexa esixible.



2.—Se despois de formulada a solicitude de licencia de apertura se variara ou ampliara a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterasen as condicións proxectadas para tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións haberán de pórse no coñecemento da Administración Municipal.

3.—Nos supostos nos que unicamente sexa necesario a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, presentarán no Rexistro Xeral a oportuna comunicación ou declaración coa documentación esixible na Ordenanza das actividades económicas de servizos no Concello de Salvaterra de Miño.

#### *ARTIGO 9. LIQUIDACION E INGRESO*

1.—Finalizada a actividade municipal e antes de dictar a Resolución municipal que proceda sobre a licencia de apertura, practicarase a liquidación correspondente pola Taxa, que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria.

2.—Non obstante, o Concello poderá liquidar e esixir o importe da Taxa no momento de presenta- la solicitude, en cualidade de depósito previo.

3.—Nos supostos nos que unicamente sexa necesario a presentación de comunicación previa ou declaración responsable, a taxa esixirase no momento da presentación da comunicación previa ou a declaración responsable.

#### *ARTIGO 10. INFRACCIONS E SANCIONS*

En todo o relativo a Infraccións tributarias e ás súas calificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

#### *DISPOSICIÓN FINAIS*

1.—No non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2.—A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

